



Trala aprobación da subvención según a Orde do 18 de xullo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a través do Programa III (programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro), expoñendo a continuación os servizos para a integración do deporte como hábito cotiá que prestará a persoa contratada dende o Club Piragüismo Illa de Arousa baixo a aprobación desta subvención. Esta contratación está financiada polo Fondo Social Europeo e o Programa Operativo de Garantía Xuvenil.

- Promocionar o deporte na contorna como un hábito diario a practicar.
- Levar a cabo actividades deportivas diarias.
- Promocionar o deporte como unha alternativa para formar valores e fomentar a vida saudable na mocidade.
- Dirixirse a segmentos da poboación desfavorecidos para achegar os medios deportivos do club e conseguir que poidan practicar deporte de forma cotiá.
- Achegar o deporte coa práctica de actividades diarias amenas baixo asesoramento (exercicios funcionais e crossfit).
- Promocionar o deporte como unha alternativa ao sedentarismo.

Deste xeito queremos dar un beneficio social ofertando un servizo de maior calidade e unha atención máis personalizada e profesional a todas as persoas da Comarca do Salnés que se benefician das instalacións e actividades do Club Piragüismo Illa de Arousa.